

QUINTA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE FOZ PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN EN FOZ. CONCELLO DE FOZ (LUGO), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020 E NUN 60% DO GASTO ELIXIBLE NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, de 14 de abril, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de presidenta de Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, en relación co artigo 2.b.1 do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra parte, Francisco Cajoto Caserío, alcalde do concello de Foz, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

1. O 31.8.2016 formalizouse o convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Foz para a execución da actuacións de "Saneamento e depuración en Foz. Concello de Foz (Lugo)", cofinanciada pola Unión europea a través do Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.
2. O 11.10.2019 subscribiuse a primeira addenda ao convenio para ampliar o prazo de vixencia e reaxustar a distribución de anualidades ao ritmo previsto de execución das actuacións.
3. O 10.11.2021 subscribiuse a segunda addenda ao convenio co fin de aumentar o importe do convenio, ampliar o prazo de vixencia e reaxustar as anualidades ao ritmo previsto de execución das obras.
4. O 19.12.2023 subscribiuse a terceira addenda ao convenio co fin de modificar o título e o apartado quinta da cláusula terceira (obrigas xerais do concello), aumentar o importe do convenio, ampliar o prazo de vixencia, reaxustar as anualidades ao ritmo previsto de execución das obras e engadir as cláusulas décimo cuarta (publicidade) e décimo quinta (principio de non causar dano significativo).



5. O 30.12.2024 subscribiuse a cuarta addenda ao convenio coa finalidade de ampliar o prazo de vixencia e reaxustar a distribución de anualidades ao ritmo previsto de execución das actuacións. Quedando as anualidades como seguen:

Anualidade	Importe
2018	14.267,96 €
2019	40.879,54 €
2020	14.000,00 €
2021	7.772,50 €
2022	0,00 €
2023	0,00 €
2024	3.146.262,37 €
2025	8.838.638,26 €
2026	1.420.724,17 €
	13.482.544,80 €

6. No ámbito deste convenio licitáronse os seguintes contratos:

- O contrato de servizos “Apoio técnico no proceso de redacción do estudo de impacto ambiental e do anteproxecto da obra de "Conducións xerais e nova EDAR de Foz. Foz (Lugo)", clave **OH.327.668**, formalizado o 11.12.2017, cun importe de 62.920,00 €
- O servizo de levantamento batimétrico-xeofísico e prospeccións arqueolóxicas subacuáticas para o anteproxecto de colectores xerais e nova EDAR de Foz. Foz (Lugo), clave **GA.19152**, adxudicado o 11.9.2021, por un importe de 14.000,00 €
- O contrato “Colectores xerais e nova EDAR de Foz. Foz (Lugo)”, clave **OH.327.661**, formalizouse o 13.9.2022 cun importe de 11.944.425,46 € e un prazo de execución de 33 meses. O prazo de execución da obra e posta en marcha é de 30 meses, dos que 18 meses corresponden á execución da obra e 12 meses a súa posta en marcha.

De conformidade co disposto no artigo 242.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico



español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ao importe de adxudicación anterior débese engadir o importe do documento contable de retención de crédito para facer fronte aos gastos da certificación final da obra por un importe de 1.194.442,55 €.

A execución da prestación comezou ou 01.02.2024, sendo a data prevista para o remate do prazo da obra o 31.07.2025. Non obstante, na actualidade, a tramitación da autorización de vertido da nova depuradora de Foz e a concesión de ocupación do dominio público marítimo terrestre que precisa a súa condución de auga depurada, non se atopan aínda finalizadas, sen ser esta causa imputable ao contratista.

Vistas as necesidades expostas, propónse ampliar o prazo de execución da obra de doce (12) meses, sendo o primeiro día do cómputo o día seguinte á data inicialmente prevista para o remate do contrato. En consecuencia, a execución do prazo da obra estenderase desde o 01.08.2025 ata 31.07.2026 e o prazo da posta en marcha amplíase desde o 01.08.2026 ata o 31.07.2027.

Por outra banda, co obxecto de adecuar as instalacións da obra á Lei 1/2022, de 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral de auga (LMXCIA), o 25.05.2025 resolveuse a aprobación técnica e definitiva do proxecto modificado nº1 da obra de "COLECTORES XERAIS E NOVA EDAR DE FOZ. FOZ (LUGO)", de clave OH.327.661.M1, o que supón un orzamento adicional 651.058,84 € sobre o orzamento vixente.

O contrato menor de servizo para a redacción do proxecto modificado nº1 da obra "OH.327.661 Colectores xerais e nova EDAR de Foz. Foz (Lugo)" (AUG-2025-0017), adxudicouse o 20.12.2024 por un importe de 17.998,75 €.

- O contrato de servizo de apoio técnico á dirección facultativa na execución da obra hidráulica, clave **OH.727.700**, adxudicouse o 30.12.2022 por un importe de 147.885,65 €. O 28.08.2024 asinouse o modificado deste contrato por importe de 14.659,22 €. Na actualidade estase a tramitar a prórroga deste contrato por importe 28.621,14 €.
- O contrato de servizo para o desenvolvemento de actividades preventivas e accións de coordinación empresarial da obra, clave **OH.727.699**, formalizouse o 27.12.2022 por un importe de 104.211,92 €. Na actualidade estase a tramitar a prórroga deste contrato por importe 20.672,54 €.

A suma de todas as cantidades referidas anteriormente ascende a 14.200.896,07 €.

Por todo o exposto, é preciso aumentar o importe do convenio, ampliar o prazo de vixencia e reaxustar as anualidades ao ritmo previsto de execución das actuacións.

Polo tanto, en vista de todo o manifestado anteriormente, as partes



ACORDAN

Subscribir esta addenda ao convenio de colaboración citado modificando as cláusulas cuarta (obrigas en relación a proxectos modificados e complementarios), quinta (réxime de financiamento e obrigas de carácter económico) e 10ª (vixencia do convenio) nos seguintes termos

1º A cláusula cuarta do convenio de colaboración queda redactada da seguinte maneira:

No caso de que durante a execución das obras de referencia fora necesario modificar o proxecto ou realizar un proxecto complementario, estes proxectos serán redactados, supervisados e aprobados por Augas de Galicia.

O concello deberá remitir a Augas de Galicia a documentación que a entidade considere necesaria para a súa redacción, previo requirimento. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a Comunicación ao concello.

Con respecto a estes proxectos, Augas de Galicia e o Concello acordan que sexa de aplicación o mesmo réxime establecido para o proxecto primitivo nas cláusulas segunda e terceira deste convenio, con excepción do trámite de información pública no caso de que o alcance do proxecto ou as afeccións que produza non sexan substanciais, previo informe da dirección de obra, o concello entenda que non procede este trámite de información pública emitindo unha certificación en este sentido, con base na interpretación que no seu caso se realice pola comisión de seguimento.

2º A cláusula quinta do convenio de colaboración queda redactada da seguinte maneira:

QUINTA.- RÉXIME DE FINANCIAMENTO E OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO

O custo total para a actuación referencia contemplada neste convenio financiaranse integramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima de catorce millóns douscentos mil oitocentos noventa e seis euros e sete céntimos (14.200.896,07 €). Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. A achega de Augas de Galicia de anualidades futuras está condicionada á existencia de crédito nos seus correspondentes orzamentos. Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia para financiar a cantidade máxima establecida son os seguintes:



Anualidade	Importe
2018	14.267,96 €
2019	40.879,54 €
2020	14.000,00 €
2021	7.772,50 €
2022	0,00 €
2023	0,00 €
2024	3.146.262,37 €
2025	4.027.808,85 €
2026	5.596.921,54 €
2027	1.352.983,31 €
	14.200.896,07 €

As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación dos concursos de execución das obras de referencia repercutirase a Augas de Galicia. Do mesmo xeito, os incrementos derivados de posibles modificacións do proxecto de execución destas obras así como das eventuais liquidacións definitivas serán asumidas por esta entidade ata a cantidade máxima fixada no parágrafo anterior.

A execución das obras de referencia serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020. A actuación enmárcase dentro do Programa Operativo no Obxectivo Temático 6 "conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos", Prioridade de Investimento 6.2 "o investimento no sector da auga para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de medio ambiente e para abordar as necesidades, determinadas polos Estados membros, dun investimento que vaia máis alá de ditos requisitos", Obxectivo Específico 6.2.1 "culminar os requisitos da Directiva Marco da Auga a través do investimento en infraestruturas de saneamento, depuración e reutilización de augas residuais, e mellora da calidade da auga", Actuación CPSO 6.2.1.2 "Reforma e optimización dos sistemas de saneamento das rías galegas", Operación "Mellora dos sistemas de saneamento e depuración da ría de Foz. Fase 1"; e no Programa Galicia FEDER 2021-2027 no Obxectivo Político 2 "Unha Europa máis verde, hipocarbónica e en transición cara a unha economía con



zero emisións netas de carbono e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a mitigación do cambio climático e a adaptación a el, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sostible”; Prioridade 2A “Transición verde”; Obxectivo Específico 2.5 “Promover o acceso á auga e unha xestión hídrica sustentable”; Liña de Actuación 2.5.03 “Investimentos en materia de saneamento e depuración necesarios para o cumprimento das Directivas en materia de augas”; Operación “Mellora dos sistemas de saneamento e depuración da ría de Foz. Fase 2”. Polo que, deberanse observar os criterios de elixibilidade, xestión, publicidade e control propios dos documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación ao FEDER. Respetaranse, polo tanto, as normas de subvencionabilidade do gasto dos Programas do citado fondo europeo, así como as obrigas en materia de información, visibilidade, transparencia e comunicación establecidas no documento “O uso do emblema europeo no contexto dos programas da UE 2021-2027” publicado pola Comisión Europea, na normativa comunitaria de aplicación e nas Guías de Comunicación elaboradas polo Organismo Intermedio, co obxectivo de recoñecer a axuda dos Fondos Comunitarios ao presente convenio.

No caso de que a Comisión Europea adoite decisións que impliquen correccións financeiras e/ou descertificacións de fondos europeos, consecuencia de causas imputables á entidade local ao ocasionar atrasos na execución das obras ou pola incorrecta explotación do executado, o Concello obrígase a asumir os ditos importes económicos.

3º. A cláusula décima do convenio de colaboración queda redactada da seguinte maneira:

DÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2027. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio

4º. A sinatura desta addenda suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten na addenda, e mailo resto de especificacións contidas nesta, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas desta addenda, as partes asinan electronicamente este documento.

*A presidenta de Augas de Galicia, Ángeles Vázquez Mejuto
O alcalde do Concello de Foz, Francisco Cajoto Caserío*

